

BOLETÍN FEBREIRO 2026

APE GALICIA – NOVAS FEBREIRO 2026

- CAMIÑO AO XACOBEO 2027
- CEOE (MADRID) ONLINE
- CEO OURENSE
- CONSELLO ESCOLAR ORDINARIO (IES CHAN DO MONTE)
- XUNTA DIRECTIVA APE GALICIA
- PREMIO VICTORIANO REINOSO

APE GALICIA – AXUDAS FEBREIRO 2026

- TR349F_ Axuda á contratación indefinida en autónomos
- TR358A_ Subvención a asociacións de autónomos
- PR937A_ Axudas ao autoemprego de emigrantes retornados.
- TR341D_ Promoción do emprego autónomo.
- TR790A_ Nova oportunidade das persoas traballadoras autónomas.
- TR341Q_ Bono das persoas traballadoras autónomas.
- TR353D_ Bono Remuda das persoas traballadoras autónomas
- TR341R_ Axudas para a conciliación da persoa traballadora autónoma.
- SI451A_ Inserción laboral de mulleres en situación de violencia
- MT975X_ Ecoeficiencia na xestión de residuos
- TR340E_ Incentivos das empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica- IEBT
- TR349V_ Subvención para o programa investigo.
- TR342C_ Programa de incentivos a contratación por conta allea.
- MR608F_ Apoio a agrupacións forestais
- MT814B_ Red Natura 2000

- **CO400H_ Formación e asesoramento en consumo.**
- **CO300A_ Dinamización do comercio local.**
- **IN501A_ Formación sector forestal-madeira.**
- **IN500B_ Innovación e mellora na industria forestal.**
- **PR924C_ Apoio a entidades galegas no exterior.**
- **TR357B, TR357C e TR357D_ Axudas para a igualdade e conciliación empresarial**
- **TR802G e TR802J_ Programa Aproz- Economía Social.**
- **MR711G_ Arredamento Banco de Terras de Galicia.**

CAMIÑO AO XACOBEO 2027

O presidente de **APE Galicia**, **José Ramón Caldas Martínez**, e a vicepresidenta, **Silvia Crespo**, asistiron á presentación do novo Plan Director de Patrocinios do Xacobeo 2027, publicado no DOG e xa dispoñible na web de Turismo de Galicia.

Celebrando a apertura dun proceso claro, áxil e transparente, polo que levase tempo traballando, e que supón unha oportunidade tamén para autónomos e pequenas empresas, que poderán unirse para presentar proxectos conxuntos.

Este novo marco permitirá impulsar iniciativas, xerar emprego e dar maior visibilidade ao tecido empresarial galego, reforzando o papel das empresas no Xacobeo 2027.

Sumase, ademais, á petición de que o Goberno central habilite canto antes os beneficios fiscais para as empresas que apoiem proxectos vinculados ao Ano Santo.

Un avance importante para construír, entre todos, un Xacobeo 2027 no que Galicia teña o protagonismo que merece.

CEOE (ONLINE)

O presidente de **APE Galicia**, **José Ramón Caldas Martínez**, e a vicepresidenta, **Silvia Crespo**, participaron de forma telemática a la celebración del Pleno de la Comisión de Competitividad, Comercio y Consumo (C4) de CEOE.

Durante la sesión abordaron varias cuestiones que marcarán la agenda del sector en los próximos meses, como, por ejemplo:

Licencias de apertura y ordenanza tipo.

Dispersión normativa y su impacto real en la empresa.

Aplicabilidad municipal

Coste anual del régimen de licencias:
35.000M€

Potencial de crecimiento eliminado solo el 10% de barreras: +9.550 M€.

XUNTA DIRECTIVA APE GALICIA

O pasado 27 de febreiro, celebrouse a Xunta Directiva de APE Galicia. O encontro tivo lugar na sede central en Pontevedra.

Nela definiuse o rumbo da organización durante o vindeiro ano. No encontro abordouse a situación económica da entidade, a modificación da Xunta, o informe da Presidencia e, especialmente, o Plan Estratéxico 2026, estruturado sobre cinco grandes eixos que marcarán a nosa acción institucional.

A reunión contou coa presenza de **Juan Vieites**, presidente da **Confederación de Empresarios de Galicia**, e de **Pablo Fernández López**, secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais da **Xunta de Galicia**, reforzando o compromiso compartido co traballo autónomo galego.

2025: consolidación e crecemento

Desde APE Galicia puxose en valor que 2025 foi un ano de consolidación e crecemento, tanto en servizos como en representación. Conseguiuse maior visibilidade, reforzouse a nosa presenza institucional e ofrecemos un apoio cada vez máis integral ao colectivo autónomo.

Sobre esta base sólida, afrontamos 2026 como un ano ilusionante, pero tamén esixente.

Cinco eixos estratéxicos para 2026

O noso Plan Estratéxico artículase arredor de cinco piares fundamentais:

Formación

Seguiremos impulsando programas dirixidos tanto a persoas desempregadas como ocupadas, accións en prevención de riscos

laborais e o traballo conxunto coa **Rede Eusumo**, reforzando a cualificación profesional como ferramenta clave de competitividade.

Participación e representación institucional

Manteremos unha presenza activa na Mesa de Traballo Autónomo e reforzaremos as reunións coa Xunta de Galicia, **IGAPE, Cámaras de Comercio, CEOE** e distintos concellos, trasladando propostas reais e defendendo os intereses do colectivo.

Axudas e programas públicos

Impulsaremos xornadas informativas e acompañamento especializado en ámbitos como dinamización económica, dixitalización e contratación. O noso obxectivo é claro: avanzar cara a unha maior simplificación administrativa e garantir un acceso efectivo aos recursos públicos.

Feiras e eventos estratéxicos

Consolidaremos a nosa participación en espazos de referencia como **Fitur, Edugal, Pont-Up Store**, o Congreso APE e a preparación do **Xacobeo 2027**, fortalecendo a visibilidade e o posicionamento do colectivo autónomo galego.

Impacto e resultados

O noso compromiso non é só desenvolver actividade, senón xerar resultados medibles e deixar pegada real no tecido autónomo de Galicia.

2026: un ano de retos e oportunidades

O colectivo autónomo afronta un contexto cambiante que esixe adaptación, acompañamento e unha representación sólida.

Desde APE Galicia témolo claro:

2026 será un ano de retos, pero tamén de oportunidades. O noso compromiso é seguir sendo a voz do autónomo, traballar desde a proximidade e reforzar a cooperación institucional para que as medidas cheguen realmente a quen as necesita.



CEO OURENSE


APE Galicia participou nun encontro institucional celebrado na sede da Confederación de Empresarios de Ourense (CEO) co conselleiro de Emprego, José González, no que se analizaron os principais retos actuais en materia de formación, emprego e captación de talento.

A reunión serviu para abordar **a necesidade de adaptar a oferta formativa ás demandas reais do tecido empresarial**, especialmente nun contexto de transformación dixital e cambios nos perfís profesionais máis solicitados. Neste sentido, púxose o foco na importancia de **reforzar a conexión entre empresas e centros de formación**, co obxectivo de mellorar a empregabilidade e reducir o desaxuste entre oferta e demanda laboral.

Durante a xuntanza tamén se destacou a conveniencia de **impulsar novas medidas de**

apoio á contratación e de fortalecer o comercio provincial como motor económico e xerador de emprego. Os representantes empresariais trasladaron a importancia de contar con ferramentas áxiles que faciliten a incorporación de talento e contribúan á competitividade das pequenas e medianas empresas.

APE Galicia reafirmou **o seu compromiso coa colaboración institucional e co diálogo permanente coas administracións públicas,** apostando por iniciativas que favorezan a **creación de emprego estable e o desenvolvemento económico sostible en Galicia.**



CONSELLO ESCOLAR ORDINARIO (IES CHAN DO MONTE)

A secretaria técnica de **APE Galicia** María Sueiro asistiu á reunión ordinaria do Consello Escolar do IES Chan do Monte, celebrada no Salón de Actos do centro.

Durante a sesión aprobáronse as actas anteriores e a participación no programa **Bibliotecas Escolares Solidarias – Voluntariado**, un proxecto de colaboración do alumnado na biblioteca fóra do horario lectivo.

Tamén se aprobou a Programación Xeral Anual (PXA), incorporando diversas actualizacións en actividades departamentais e cuestións organizativas, así como medidas para optimizar os gastos de transporte nas actividades complementarias do curso.

Seguimos participando activamente nestes órganos co obxectivo de contribuír á mellora e ao bo funcionamento da comunidade educativa.

PREMIO VICTORIANO REINOSO

O presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas Martínez, e a vicepresidenta, Silvia Crespo, participaron en Madrid na XIX edición do **Premio Victoriano Reinoso**, organizado pola Asociación de Empresarios Gallegos en Madrid (Aegama).

Desde APE Galicia queremos poñer en valor este acto de referencia para o tecido empresarial galego na capital, que nesta edición recoñeceu a traxectoria do doutor Manuel Leyes Vence, referente internacional en medicina deportiva e exemplo de excelencia profesional vinculada a Galicia.

A nosa presenza neste evento reafirma o compromiso de APE Galicia co impulso do talento galego e co fortalecemento da rede empresarial conectada coa nosa comunidade, tanto dentro como fóra de Galicia. Consideramos fundamental apoiar iniciativas que proxectan a capacidade, o coñecemento e o liderado dos profesionais galegos en ámbitos de relevancia internacional.

O encontro contou ademais coa participación institucional da Xunta de Galicia, representada pola directora do Igape, Covadonga Toca, quen destacou o valor estratéxico do talento galego como elemento clave de proxección exterior e competitividade.

Dende APE Galicia seguiremos respaldando aquelas iniciativas que fortalecen a conexión entre empresa, institución e sociedade, e que contribúen a visibilizar a excelencia profesional e empresarial de Galicia dentro e fóra do noso territorio.



AXUDAS FEBREIRO 2026

TR349F _ Axuda á contratación indefinida en autónomos.

Esta axuda da Xunta de Galicia convoca para 2026 as axudas destinadas a **fomentar a consolidación do emprego autónomo en Galicia**, dirixidas a persoas traballadoras autónomas e profesionais con domicilio social e fiscal na comunidade.

O programa inclúe dúas liñas de axudas compatibles entre si:

1. Bono de contratación: subvención para a contratación indefinida inicial de persoas desempregadas.
2. Bono de formación (opcional): subvención para acción formativas dirixidas ás persoas contratadas ao abeiro desta orde, co obxectivo de mellorar as súas competencias e habilidades relacionadas co posto de traballo.

Inicio do prazo: 11 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 30 de setembro de 2026

TR358A_ Subvención a asociacións de autónomos.

Esta axuda da Xunta de Galicia ten como obxecto sufragar os gastos de organización interna e funcionamento das entidades asociativas de traballadores autónomos. Desta axuda poderán beneficiarse as entidades asociativas de autónomos de carácter intersectorial inscritas no rexistro de asociación profesionais de traballadores autónomos de Galicia

Inicio do prazo: 5 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: 4 de marzo de 2026

PR937A_ Axudas ao autoemprego de emigrantes retornados.

Esta axuda da Xunta de Galicia o seu obxectivo establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a fomentar o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma de Galicia.

Estas axudas, que se concederán en réxime de concorrencia non competitiva, están dirixidas ás persoas emigrantes galegas retornadas que decidan establecerse como traballadoras autónomas ou por conta propia en Galicia.

Ademais, a resolución inclúe a convocatoria oficial destas subvencións para o ano 2026, abrindo así unha nova oportunidade para impulsar proxectos empresariais e facilitar a integración laboral das persoas retornadas.

Unha iniciativa que reforza o compromiso con o emprendemento, o talento galego no exterior e o desenvolvemento económico da nosa comunidade.

Inicio do prazo: 9 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 30 de setembro de 2026

TR341D_Promoción do emprego autónomo das persoas traballadoras autónomas.

A Xunta de Galicia pon en marcha o Programa I: Promoción do Emprego Autónomo (TR341D), unha iniciativa destinada a apoiar ás persoas desempregadas que decidan iniciar unha actividade empresarial como traballadoras autónomas.

O obxectivo principal deste programa é facilitar o acceso ao autoemprego, ofrecendo apoio económico no momento de posta en marcha do proxecto empresarial, contribuíndo así á creación de emprego estable e ao fortalecemento do tecido produtivo galego.

Este programa está cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, reforzando o compromiso co impulso do emprendemento e a inserción laboral.

Unha nova oportunidade para transformar unha idea nun proxecto empresarial sólido e viable en Galicia.

Inicio do prazo: 11 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 30 de setembro de 2026

TR790A_Nova oportunidade das persoas traballadoras autónomas.

A Xunta de Galicia vén de poñer en marcha o Programa II: Nova Oportunidade das persoas traballadoras autónomas (TR790A), unha iniciativa destinada a facilitar a volta á actividade económica das persoas traballadoras autónomas que non tiveron éxito no seu anterior proxecto empresarial.

O programa ten como obxectivo ofrecer unha segunda oportunidade a quen cesou na súa actividade e desexe emprender de novo, apoiando así a reactivación económica e o autoemprego na comunidade. A través desta liña de axudas,

búscase reducir o impacto do fracaso empresarial e fomentar que as persoas profesionais volvan intentalo con maiores garantías.

A medida enmárcase dentro das políticas de impulso ao emprendemento e apoio ao traballo autónomo, recoñecendo que o peche dun negocio non debe supoñer o fin definitivo da traxectoria profesional dunha persoa emprendedora.

Con esta convocatoria, a administración autonómica pretende reforzar o tecido produtivo galego, promovendo a cultura da segunda oportunidade e ofrecendo respaldo económico a quen decida iniciar unha nova etapa como persoa traballadora autónoma.

Inicio do prazo: 11 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 30 de setembro de 2026

TR341Q_ Bono das persoas traballadoras autónomas.

A Xunta de Galicia pon en marcha o **Programa III: Bono das persoas traballadoras autónomas (TR341Q)**, unha iniciativa destinada a apoiar a consolidación de proxectos emprendedores que xa superaron os 42 meses de actividade.

Esta liña de axudas ten como obxectivo reforzar a estabilidade e mellorar a competitividade dos negocios autónomos que lograron manterse no tempo, facilitando a súa modernización, innovación e adaptación ás novas demandas do mercado.

O programa céntrase especialmente en impulsar o crecemento sostible das iniciativas xa consolidadas, contribuíndo ao fortalecemento do tecido produtivo galego e á creación de emprego de calidade.

Con esta medida, a administración autonómica reafirma o seu compromiso co colectivo autónomo, apoiando non só a creación de novos proxectos, senón tamén a súa consolidación e mellora continua.

Inicio do prazo: 11 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 31 de setembro de 2026

TR353D_ Bono Remuda das persoas traballadoras autónomas.

A Xunta de Galicia ven de activar o **Programa IV: Bono Remuda das persoas traballadoras autónomas (TR353D)**, unha iniciativa destinada a evitar o peche de negocios por falta de remuda xeracional.

Este programa ten como finalidade facilitar a transmisión de actividades económicas

viables, promovendo que novos profesionais poidan asumir a titularidade de negocios xa en funcionamento. Deste xeito, búscase preservar o emprego, manter a actividade económica e conservar o coñecemento e a experiencia acumulada ao longo dos anos.

A medida pretende dar resposta a unha das principais dificultades do tecido empresarial, especialmente no ámbito local e rural, onde moitos establecementos afrontan o risco de peche ante a falta de continuidade familiar ou profesional.

Con esta liña de axudas, a administración autonómica reforza o seu compromiso coa sustentabilidade do traballo autónomo, apostando pola continuidade empresarial como ferramenta clave para dinamizar a economía galega.

Inicio do prazo: 11 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 30 de setembro de 2026

TR341R_ Axudas para a conciliación da persoa traballadora autónoma.

A Xunta de Galicia pon en marcha o **Programa V: Axudas á conciliación das persoas traballadoras autónomas (TR341R)**, unha iniciativa destinada a apoiar e promover a conciliación da vida persoal, familiar e profesional deste colectivo.

Estas axudas buscan facilitar que as persoas traballadoras autónomas poidan compatibilizar a súa actividade económica co coidado de fillos, persoas dependentes ou outras responsabilidades familiares, contribuíndo así a reducir desigualdades e a mellorar a calidade de vida.

O programa enmárcase nas políticas de apoio ao emprendemento e ao traballo por conta propia, recoñecendo as particularidades deste modelo laboral e a necesidade de ofrecer ferramentas que garantan unha maior estabilidade e equilibrio.

Con esta medida, a administración autonómica reafirma o seu compromiso coa igualdade de oportunidades e co fortalecemento do traballo autónomo en Galicia.

Inicio do prazo: 11 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 30 de setembro de 2026

SI451A_Inserción laboral de mulleres en situación de violencia.

A Xunta de Galicia vén de publicar unha orde que regula e convoca para o ano 2026 subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades sen ánimo de lucro.

Estas axudas están orientadas ao **desenvolvemento de programas que favorezan a inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero en Galicia**, no marco das actuacións incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

A convocatoria busca apoiar iniciativas que contribúan á autonomía económica destas mulleres, facilitando a súa integración no mercado laboral como vía fundamental para a súa recuperación e independencia.

A xestión das subvencións realizarase conforme a criterios de publicidade, igualdade, obxectividade e eficiencia,

garantindo un proceso transparente e equitativo na concesión das axudas.

Inicio do prazo: 6 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 5 de marzo de 2026

MT975X_ Ecoeficiencia na xestión de residuos.

A Xunta de Galicia regulará a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas dirixidas ás entidades locais e ás agrupacións de entidades locais de Galicia.

Estas subvencións están destinadas ao **financiamento de actuacións que permitan incrementar a ecoeficiencia na xestión dos residuos de competencia municipal**, promovendo un modelo máis sostible e eficiente no tratamento e na xestión dos refugallos.

O obxectivo desta convocatoria é apoiar aos concellos na implantación de medidas que contribúan á mellora ambiental, á optimización dos recursos e ao cumprimento dos obxectivos en materia de sustentabilidade.

A xestión das axudas realizarase garantindo os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e eficiencia no procedemento de concesión.

Inicio do prazo: 7 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 7 de marzo de 2026

TR340E_ Incentivos das empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica- IEBT

A Xunta de Galicia promove a **creación de novas iniciativas empresariais de base tecnolóxica** na comunidade autónoma mediante a convocatoria do Programa de incentivos ás empresas previamente cualificadas e inscritas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica.

Este programa ten como obxectivo apoiar proxectos innovadores que xeren valor engadido, fomenten a competitividade e contribúan ao desenvolvemento económico e tecnolóxico do territorio. A través destes incentivos, búscase facilitar a posta en marcha e consolidación de empresas con base tecnolóxica, reforzando o ecosistema emprendedor galego.

A iniciativa enmárcase nas políticas de impulso á innovación e ao emprendemento, co fin de favorecer a creación de emprego cualificado e o crecemento sostible das novas empresas na comunidade.

Inicio do prazo: 17 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 30 de setembro de 2026.

TR349V_ Subvención para o programa investigo.

O programa ten como obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria pública, en réxime de concorrència non competitiva, das subvencións correspondentes ao ano 2026 do **Programa Investigo**.

Esta iniciativa está dirixida a impulsar proxectos vinculados á investigación e á innovación, co fin de fomentar a contratación e o desenvolvemento de talento no ámbito da I+D+i. Poderán ser beneficiarias das axudas:

- As persoas empregadoras e empresas pertencentes ao sector privado radicadas en Galicia que invistan en proxectos de investigación e innovación, incluídas as **empresas de iniciativa empresarial de base tecnolóxica (IEBT)**.
- Os centros privados de I+D+i sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, cuxa actividade principal sexa a investigación, o desenvolvemento e a innovación, segundo se recolla nos seus estatutos ou no seu obxecto social.

Con esta convocatoria búscase reforzar o ecosistema galego de investigación e innovación, favorecendo a xeración de emprego cualificado e o impulso de proxectos estratéxicos no ámbito da I+D+i durante o exercicio 2026

Inicio do prazo: 17 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 17 de marzo de 2026

TR342C_ Programa de incentivos a contratación por conta allea.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración fixa as bases reguladoras e convoca para o ano 2026 as **axudas destinadas a fomentar a contratación de persoas desempregadas** tanto na empresa ordinaria como en entidades sen ánimo de lucro.

Estas subvencións teñen como finalidade promover a inserción laboral e facilitar o acceso ao emprego, prestando especial atención ás persoas que presentan maiores dificultades para incorporarse ao mercado de traballo. Con esta iniciativa, búscase impulsar a creación de oportunidades laborais e reforzar o compromiso co emprego inclusivo durante o exercicio 2026.

Inicio do prazo: 17 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 30 de setembro de 2026

MR608F_ Axudas para a creación e apoio as Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta.

A Xunta de Galicia regula mediante esta orde as bases que rexerán as axudas destinadas a accións de fomento e apoio ás agrupacións forestais de xestión conxunta de produtores forestais, ao tempo que procede á súa convocatoria para o ano 2026 en réxime de concorrència competitiva.

Estas subvencións teñen como finalidade impulsar a cooperación entre propietarios e produtores forestais, favorecendo a creación, consolidación e fortalecemento de agrupacións que permitan unha xestión conxunta dos recursos. Con este modelo preténdese avanzar cara a unha planificación forestal máis eficiente, sostible e profesionalizada, mellorando a organización do sector e contribuíndo á súa competitividade.

As axudas enmárcanse no compromiso co desenvolvemento do medio rural e coa xestión responsable dos montes, promovendo actuacións comúns que optimicen os recursos forestais e reforcen a viabilidade económica das explotacións.

A convocatoria para o exercicio 2026 establecerá os requisitos, condicións e criterios de valoración que deberán cumprir as entidades solicitantes, garantindo un procedemento baseado nos principios de publicidade, transparencia e igualdade de oportunidades. Con esta iniciativa búscase consolidar as agrupacións forestais como instrumento clave para o desenvolvemento sostible do territorio

Inicio do prazo: 11 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 17 de abril de 2026

MT814B_ Red Natura 2000.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático aprobou as bases reguladoras que rexerán a convocatoria de subvencións destinadas a impulsar actuacións de conservación e valorización do patrimonio natural e cultural en Galicia.

Estas axudas estarán dirixidas a proxectos que se desenvolvan no **ámbito da Rede Natura 2000**, nos parques naturais e nas reservas da biosfera da comunidade autónoma. O obxectivo principal é fomentar iniciativas que contribúan á protección, posta en valor e mellora destes espazos de alto interese ambiental e cultural.

As bases aprobadas, recollidas no anexo I da resolución, establecerán os criterios, requisitos e condicións que deberán cumprir as entidades ou persoas interesadas para poder optar ás subvencións. A convocatoria permitirá apoiar actuacións que reforcen a conservación da biodiversidade, a sustentabilidade e a promoción responsable destes territorios.

Con esta medida, a Xunta de Galicia pretende avanzar na protección dos espazos naturais protexidos e consolidar modelos de xestión que combinen a conservación ambiental co desenvolvemento sostible.

Inicio do prazo: 12 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 11 de marzo de 2026

CO400H_ Formación e asesoramento en consumo.

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia aprobou e convocou as axudas correspondentes ao ano 2026 destinadas ás organizacións de persoas consumidoras de Galicia.

Estas subvencións teñen como **finalidade apoiar o desenvolvemento de actividades de información, mediación e asesoramento en materia de consumo**, co obxectivo de reforzar a protección dos dereitos das persoas consumidoras e mellorar a atención que reciben en todo o territorio galego.

As organizacións beneficiarias poderán destinar os fondos a iniciativas que contribúan á difusión de información de interese xeral, á resolución de conflitos a través da mediación e ao asesoramento especializado en cuestións relacionadas co consumo responsable.

Con esta convocatoria, a Administración autonómica busca fortalecer o papel das entidades de defensa das persoas consumidoras e promover un sistema de consumo máis transparente, accesible e eficiente en Galicia.

Inicio do prazo: 19 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 20 de marzo de 2026.

CO300A_ Dinamización do comercio local.

A Xunta de Galicia vén de aprobar e convocar unha nova liña de axudas destinadas á dinamización do comercio local, co **obxectivo de fortalecer o tecido comercial de proximidade e impulsar a súa competitividade**.

Estas subvencións están orientadas a apoiar iniciativas que fomenten a modernización, promoción e innovación no comercio de

proximidade, así como accións de dinamización comercial que contribúan a atraer clientela e revitalizar os núcleos urbanos e rurais.

Entre as actuacións subvencionables inclúense campañas promocionais, actividades de animación comercial, proxectos de dixitalización, mellora da imaxe comercial e iniciativas colaborativas entre establecementos.

Con esta convocatoria, o Goberno galego busca reforzar o papel do comercio local como motor económico e social, favorecendo a creación de emprego, a cohesión territorial e a posta en valor do comercio de proximidade como elemento clave na vida das vilas e cidades de Galicia

Inicio do prazo: 13 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 12 de marzo de 2026

IN501A_ Axudas para formación e divulgación do sector forestal-madeira galego.

A Administración autonómica vén de establecer as bases reguladoras das axudas **destinadas á realización de accións formativas non regradas e de divulgación orientadas a impulsar o coñecemento, a competitividade, o deseño e o desenvolvemento sostible da industria forestal-madeira**.

A convocatoria, que se tramitará en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2025, ten como finalidade reforzar a capacitación profesional e a transferencia

de coñecemento nun sector estratéxico para a economía galega.

As actuacións subvencionables poderán incluír cursos, xornadas, seminarios, actividades divulgativas e outras iniciativas formativas que contribúan á innovación, á mellora da calidade e á sustentabilidade na cadea de valor forestal-madeira.

Coa posta en marcha desta liña de axudas, a Xunta aposta por fortalecer o tecido produtivo do sector, promovendo a especialización, o deseño de valor engadido e a adaptación aos novos retos ambientais e de mercado.

Inicio do prazo: 14 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 13 de marzo de 2026

IN500B_ Innovación e mellora na industria forestal

A Administración autonómica vén de aprobar a concesión de axudas destinadas á **valorización**, á **segunda transformación** e á **ecoinovación** dos **produtos forestais**, así como á dixitalización e á mellora da seguridade e saúde laboral no ámbito da industria forestal galega e do sector do contract.

Estas subvencións teñen como obxectivo impulsar a competitividade dun sector estratéxico para Galicia, fomentando a creación de maior valor engadido a través da transformación avanzada da madeira e doutros produtos forestais. Ademais, búscase promover procesos máis sostibles e innovadores, aliñados cos principios da economía circular.

A liña de axudas tamén pon o foco na modernización tecnolóxica das empresas,

apoiando a implantación de solucións dixitais que optimicen a produción e a xestión, así como na adopción de medidas que reforcen a seguridade e a saúde das persoas traballadoras.

Con esta iniciativa, o Goberno galego reforza o seu compromiso co desenvolvemento sostible e coa consolidación dun tecido industrial forestal máis innovador, eficiente e preparado para afrontar os retos actuais do mercado.

Inicio do prazo: 14 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 13 de marzo de 2026

PR924C_Apoio a entidades galegas no exterior.

A Administración autonómica vén de aprobar unha liña de axudas destinada a apoiar investimentos en obras, instalacións e equipamentos que permitan garantir o funcionamento e o desenvolvemento das entidades galegas situadas fóra de Galicia. A convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva.

O programa estrutúrase en dúas modalidades diferenciadas. O **Programa A** está orientado a financiar obras, adquisición de instalacións e actuacións de conservación do patrimonio cultural, co obxectivo de manter e poñer en valor os espazos que representan a identidade galega no exterior.

Pola súa banda, o **Programa B** contempla axudas para a mellora de dotacións e equipamentos de carácter inventariable, co fin de modernizar as infraestruturas e reforzar os recursos materiais destas entidades.

Con esta iniciativa, a Xunta busca fortalecer o papel das comunidades galegas no exterior, garantindo os medios necesarios para preservar a cultura, promover actividades sociais e manter vivos os vínculos con Galicia.

Inicio do prazo: 20 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 20 de marzo de 2026

TR357B, TR357C e TR357D_ Axudas para igualdade e conciliación empresarial.

A Administración autonómica vén de activar tres programas de axudas destinados a reforzar a igualdade efectiva, a conciliación e a responsabilidade social empresarial no tecido produtivo galego.

A través do procedemento **TR357C – Liña I (Igualdade laboral)**, búscase fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes no ámbito laboral, apoiando medidas que contribúan a eliminar fendas de xénero, promover plans de igualdade e garantir contornas de traballo máis xustas e inclusivas.

Pola súa banda, o procedemento **TR357D – Liña II (Conciliación)** está orientado a mellorar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral nas empresas galegas, impulsando accións que favorezan a flexibilidade organizativa e a corresponsabilidade.

Finalmente, o procedemento **TR357B – Liña III (RSE)** ten como obxectivo promover a responsabilidade social empresarial nas pemes e nas persoas autónomas con persoal contratado, apoiando iniciativas

que integren boas prácticas sociais, laborais e ambientais na xestión empresarial.

Con estas tres liñas de axuda, a Xunta reforza o seu compromiso cun modelo empresarial máis igualitario, sostible e adaptado ás necesidades actuais da sociedade e do mercado laboral.

Inicio do prazo: 19 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 18 de marzo de 2026

TR802G e TR802J_ Programa Aprol- Economía Social.

A Administración autonómica vén de convocar unha nova liña de axudas destinada a fomentar a incorporación de persoas desempregadas e de persoas traballadoras a cooperativas e sociedades laborais, co obxectivo de impulsar a economía social e a creación de emprego estable en Galicia.

A convocatoria estrutúrase en dous programas diferenciados. O **Programa I (TR802G)** céntrase no fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais, apoiando a integración de novas persoas sociais traballadoras e reforzando o crecemento destas entidades.

Pola súa banda, o **Programa II (TR802J)** está orientado ao fomento do acceso á condición de persoa socia, facilitando que persoas traballadoras poidan incorporarse

como socias ás empresas de economía social nas que desenvolven a súa actividade.

Con esta iniciativa, a Xunta aposta por fortalecer o modelo cooperativo e societario laboral, promovendo a participación das persoas no capital e na xestión das empresas e favorecendo un tecido produtivo máis democrático, sostible e xerador de emprego de calidade.

Inicio do prazo: 2 de marzo de 2026

Vixencia das bases: ata o 16 de setembro de 2026

MR711G_ Arrendamento Banco de Terras.

A Administración autonómica vén de regular, a través do procedemento **MR711G**, a presentación electrónica das solicitudes de arrendamento de predios rústicos incorporados ao Banco de Terras de Galicia que se atopen en estado de dispoñibles sen concorrencia.

Esta regulación dá cumprimento ao establecido no capítulo IV do título IV da Ley 11/2021, do 14 de maio, que ordena o funcionamento e a xestión deste instrumento público de mobilización de terras.

A medida establece que as persoas interesadas deberán presentar as súas solicitudes por vía electrónica, garantindo así unha tramitación máis áxil, transparente e accesible. O obxectivo é facilitar o acceso á terra agraria infrautilizada e favorecer a posta en produción de predios rústicos, contribuíndo ao desenvolvemento do medio rural galego.

Con esta iniciativa, a Xunta reforza o papel do Banco de Terras como ferramenta clave para dinamizar o sector agrario e promover un uso máis eficiente e sostible do territorio.

Inicio do prazo: 13 de febreiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 13 de marzo de 2026

Para mais información, visita a nosa web:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



https://www.instagram.com/ape_galicia/

APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

info@apegalicia.es

Dirección:

**Gagos de Mendoza Nº2, Bajo 2-
36001 Pontevedra**